

**A** **ASOCIACIÓN NEXOS DE DIDÁCTICA DA FILOSOFÍA** é unha asociación sen ánimo de lucro, integrada por profesorado da Filosofía, que se ocupa de cuestións relativas á didáctica das materias de Filosofía, atendendo tanto á formación específica do profesorado coma ao fomento e produción de estudos e eventos de carácter filosófico.

Algúns dos fins máis relevantes da asociación son:

- Promover investigacións e estudos sobre Didáctica da Filosofía e outros temas propiamente filosóficos, prestando especial atención aos procesos de innovación educativa a nivel nacional e internacional.
- Constituír redes entre o profesorado de filosofía de Galicia que permitan a interacción entre eles e a súa formación didáctica.
- Desenvolver accións formativas, relacionadas co ensino da filosofía, dirixidas ao alumnado de calquera nivel educativo, así como incentivar a súa participación en certames, concursos, etc., en especial a *Olimpíada Filosófica de Galicia*.
- Patrocinar publicacións (tanto en formato analóxico coma dixital) de índole didáctica e filosófica en xeral.
- Promocionar intercambios, proxectos e actividades con outros países no ámbito da innovación na didáctica da filosofía

Para levar a cabo os seus fins, a asociación actualmente organiza as seguintes actividades:

1. Organización e realización da *Olimpíada Filosófica en Galicia*.
2. Organización das III XORNADAS INTERNACIONAIS DE DIDÁCTICA DA FILOSOFÍA e os I ENCOTROS GALEGOS COA LUSOFONÍA FILOSÓFICA.
3. Organización de seminarios de didáctica da Filosofía.
4. Actividades na Rede como nun blog de didáctica da Filosofía e as aulas virtuais das materias vinculadas á nosa área.

Ademais mantéñense contactos a través de presentación de conferencias e obradoiros con asociacións afíns, de Galicia e de fóra de Galicia. Entre as máis destacadas están:

No ámbito galego: *Filosofía a Pé de Rúa*, *FilosofíaSí*, *Seminario de Filosofía de Vigo*, *Aula Castelao de Filosofía*, *Rede Galega de Filosofía*.

No ámbito estatal: *Rede Española de Filosofía*, *Congreso Internacional de Didáctica da Filosofía*.

Os fondos da Asociación están dedicados, na súa totalidade á organización das actividades que se relatan nos Estatutos.

Para maior información pode acceder á páxina de nexos en <https://nexosfilosofia.gal> e aos estatutos da Sociedade na seguinte ligazón: <https://nexosfilosofia.gal/EstatutosNEXOS.pdf>

Se desexa facerse socio/a da *Asociación Nexos para a Didáctica da Filosofía* pode facelo a través do seguinte enlace: <https://nexosfilosofia.gal/solicita.php>